

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CEDEIRA

Convocatoria e bases reguladoras do proceso selectivo para a formación dunha listaxe para a contratación laboral temporal de auxiliares de Policía Local

ANUNCIO

Convocatoria e Bases reguladoras do proceso selectivo para a formación dunha listaxe para a contratación laboral temporal de auxiliares de Policía Local

Por Resolución de Alcaldía número 200/2017 de data 08 de maio aprobanse a convocatoria e as Bases reguladoras do proceso selectivo para a formación dunha listaxe para a contratación laboral temporal de auxiliares de Policía Local:

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTAXE PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL

1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é a formación dunha listaxe para a contratación laboral temporal, mediante a modalidade de contrato de duración determinada que proceda en cada caso, de auxiliares de Policía Local, que desempeñarán as funcións de apoio e de auxilio ós membros do Corpo da Policía Local, no marco do disposto na lexislación de corpos e forzas de seguridade.

As contratacións iranse realizando en función das necesidades que teña este municipio en determinados períodos estacionais (previsión de 2 Auxiliares de Policía Local para o ano 2017, non superando dita previsión o límite establecido no artigo 95.1 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais).

2.-DURACIÓN DOS CONTRATOS.

Segundo se estableza en cada contrato de conformidade coas necesidades do Concello de Cedeira, e por un período máximo de catro meses en cumprimento do establecido no artigo 95.1 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

3.-RETRIBUCIÓN.

A retribución do citado posto de traballo será a establecida na táboa salarial do convenio colectivo en vigor para a súa categoría.

4.-LISTAXE PARA A REALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓN.

A cobertura temporal dos postos de traballo efectuarase a través dunha listaxe na que a orde de prelación virá dada pola puntuación total obtida no proceso selectivo segundo o establecido na base 10.^a das presentes.

5.-XORNADA LABORAL.

A xornada laboral será de 37,5 horas de promedio en cómputo semanal, de acordo co establecido no convenio colectivo en vigor.

6.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Así mesmo, poderán participar, en igualdade de condicións que os españois, os estranxeiros con residencia legal en España.

b) Ter máis de 18 anos.

- c) Estar en posesión do título de Ensinanza Secundaria Obrigatoria, título de graduado escolar ou equivalente.
- d) Ter unha estatura mínima, en caso de ser home de 1,65 m. e en caso de ser muller de 1,60 m.
- e) Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes do posto de traballo para o que se opta.
- f) Non ter sido separado, mediante procedemento disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio da función pública por sentenza firme, nin estar incurso en causas de incompatibilidade do persoal ó servizo das administracións públicas.
- g) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercizo das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

Os anteriores requisitos deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar destes ata a toma de posesión, sendo nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

7.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que se adxunta (Anexo I) e deberá xuntárselle a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Xustificante de pago da taxa de 15 €, según o disposto na Ordenanza municipal 2.6, reguladora da taxa pola participación en procesos selectivos, no artigo 5.1.
- Fotocopia da titulación esixida
- De se-lo caso, copia do título do Celga 3 ou equivalente.
- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou eiva física que impida exercer a función propia a desempeñar e realizar sen risco os exercicios físicos da proba de oposición.

A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Cedeira ou na forma determinada polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste caso, os aspirantes deberán comunicalo mediante telefax dentro do prazo de presentación de instancias (número de fax do Concello: 981482506).

Se conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

O prazo de presentación de solicitudes será de CINCO (5) DÍAS NATURAIS, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e bases no BOP. O anuncio da convocatoria tamén se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

8.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Alcaldía se aprobará a listaxe provisional de admitidos/as e excluído/as, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal outorgando un prazo de 2 días naturais para correccións ou emenda de defectos.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimándoa ou desestimándoa con publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

9.-COMISIÓN SELECCIONADORA.

A Comisión seleccionadora estará composta por un presidente, un secretario e tres vogais, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, nomeados por Resolución de Alcaldía de conformidade co artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

Poderáse dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, sen que sexan integrantes do mesmo, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

Todos os membros da Comisión Seleccionadora deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

A Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario. Tódolos membros da Comisión Seleccionadora que se designe para xulga-las respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto. As decisións da Comisión Seleccionadora adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

A Comisión seleccionadora estará facultada para a interpretación das presentes bases, así como para resolver as dúbidas que xurdan da súa aplicación e determinará a actuación procedente nos casos non previstos.

10.-PROBAS SELECTIVAS.

A data e máis a hora na que deberá constituírse a Comisión Seleccionadora, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados pola Alcaldía mediante Resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos e a composición da Comisión Seleccionadora, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente pola Comisión.

Os aspirantes deberán presentarse para realizar cada exercicio provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo da Comisión, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

Comezada a práctica dos exercicios, a Comisión poderá requirirles en calquera momento aos opositores que acrediten a súa identidade.

A publicación dos resultados obtidos en cada un dos exercicios, así como os anuncios convocando ós aspirantes para a celebración de cada exercicio, farase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, e sempre que sexa posible, se publicará, a título informativo e complementario, na páxina web do Concello.

A. As probas para a selección de auxiliares de policía contratados polos concellos, realizaranse segundo o establecido na Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada.

1. COMPROBACIÓN DA ESTATURA E PROBAS DE APTITUDE FÍSICA.

1.1.-Comprobación da estatura.

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

1.2.-Probas físicas.

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

1.2.1. Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido hacia arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.
- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.
- Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

1.2.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	4´30´´	5´00´´	5´15´´
Mulleres	5´00´´	5´30´´	5´45´´

2. PROBA DE COÑECEMENTOS.

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A calificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N = (A-F)/3$.

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respostadas.

3. PROBA ESPECÍFICA SOBRE COÑECEMENTO DO TERMO MUNICIPAL E DA TOPONIMIA LOCAL.

O órgano de selección someterá aos/ás aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local. Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

4. COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Esta proba estará dirixida á comprobación, por parte da Comisión seleccionadora, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego. Será de carácter obrigatorio e eliminatorio e cualificarase como apto/non apto.

Consistirá nunha tradución dun texto proposto pola Comisión do castelán ao galego, nun tempo máximo de 30 minutos. Corresponderalle á Comisión determinar o nivel de coñecementos para acadar o resultado de apto.

Estarán exentos de realizar este exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG n.º 146, do 30 de xullo de 2007.

B. Temario.

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.

2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

4. Lei de coordinación das policías locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.

5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.

8. Delitos contra a seguraza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.

9. Lei de seguraza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguraza.

11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.

12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

C. Curso de formación.

Previamente ó nomeamento para a contratación, os aspirantes propostos para a contratación deberán participar nun curso específico de formación teórico-práctico convocado pola Academia Galega de Seguridade Pública.

Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ó dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2.º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de Coordinación de Policía Local.

Os gastos que se deriven pola asistencia ó referido curso serán a cargo dos aspirantes.

11.-FORMACIÓN DA LISTAXE PARA A REALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓN. PROCEDEMENTO PARA OS CHAMAMENTOS.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, a Comisión Seleccionadora procederá á formación da listaxe, por orde decrecente da puntuación total final, con especificación da mesma, e que determinará a orde de prelación para a súa contratación. Publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa páxina web.

A listaxe referida aprobarase e quedará constituída definitivamente por resolución da Alcaldía. Os integrantes da mesma unicamente serán titulares dunha expectativa de dereito a ser contratados temporalmente por orde de puntuación.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade: 1.º Por ser un grupo con infrarrepresentación do sexo feminino, e en aplicación do disposto no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2016, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, preferencia da muller respecto do home. 2.º Mellor puntuación obtida no primeiro exercicio. 3.º Mellor puntuación obtida no segundo exercicio.

De persistir o empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante a Comisión Seleccionadora, do que se levantará a correspondente Acta.

Chamamentos aos aspirantes

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefónicamente. Neste suposto, a/o empregada/o pública que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta.

Os integrantes da listaxe non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que se o nomeamento para a que son chamados finaliza, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na listaxe.

Os integrantes da listaxe que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou nomeamento non se presentaran ou renunciaran a esta sen xustificación suficiente, perderán os seus dereitos quedando excluídos da listaxe. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo.

Poderán realizarse contratacións laborais temporais para o desempeño de postos de traballo para substitución de persoal con dereito a reserva do posto por motivo de ILT ou vacacións do seu titular, e sexa imprescindible a contratación para a correcta prestación do servizo, o cal deberá quedar debidamente acreditado no expediente; así como por aumento notorio de poboación en determinadas tempadas do ano que xustifiquen o incremento da contratación de persoal con funcións de auxiliar de policía.

Previo á contratación deberá solicitarse informe de existencia de crédito á Intervención Municipal.

Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo a orde da listaxe, o Sr. Alcalde por Resolución procederá a súa contratación para o desempeño do posto de traballo correspondente, debendo acreditarse previamente a superación do curso de formación da Academia Galega de Seguridade Pública.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

12.-VIXENCIA DA LISTAXE PARA A REALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS.

A listaxe formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases terá unha duración dun ano natural a contar desde a data da Resolución da Alcaldía que a aprobe, sen prexuízo de que sexa obxecto de prórroga por causas debidamente xustificadas e motivadas.

13.-RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

En todo o non previsto expresamente nas presentes bases, serán de aplicación as Bases Xerais para a contratación de persoal laboral temporal do Concello de Cedeira, aprobadas na sesión plenaria do día 17 de abril de 1997, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 110, do 15 de maio de 1997, o Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais normas de aplicación.

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE

D./dona _____,

con DNI n.º _____, con enderezo _____

_____, con C.P. _____, localidade _____, teléfono _____

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a contratación laboral temporal de auxiliares de policía local.

Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases da convocatoria.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación cotexada:

- Fotocopia D.N.I.
- Fotocopia da titulación esixida
- Certificado médico

Polo exposto, SOLICITA:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo referido

Cedeira, ____ de _____ de 2017.

Asinado: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CEDEIRA

SOLICITUDE- AUTOLIQUIDACIÓN		
Exercicio/período: 2017	Concello de Cedeira	CIF P-1502200-G
Concepto de ingreso: TAXA EXPEDICION DE DOCUMENTOS		(Espazo a encher pola Administración) Código: 329.01 Referencia:
Datos do obrigado ao pagamento: Apellidos e nome ou razón social: NIF/CIF/NIE: Dirección para os efectos de notificacións: CP e Localidade:		
Datos do representante, no seu caso (cumprir obrigatoriamente en casos de persoas xurídicas) Apellidos e nome: NIF/NIE: Dirección para os efectos de notificacións: CP e localidade:		
CÁLCULO DA COTA A INGRESAR (euros)		
Denominación do proceso: contratación laboral temporal de auxiliares de policía local		Importe
Probos de acceso o Grupo C1 e C2 ou categorías de persoal laboral asimilables 15,00 €		
Prazo de ingreso voluntario: antes do comezo da ocupación	COTA A INGRESAR:	15,00 €
Lugar de ingreso: O abono acreditase mediante selo e sinatura ou validación mecánica BBVA ES70 0182 0622 4100 0000 0055 La Caixa ES37 2100 4936 5822 0000 4470 Abanca ES15 2080 5196 2931 1000 0027 Banco Pastor ES57 0238 8151 9006 6000 0271		

Sinatura

Cedeira, ... de ... de 2017.

Cedeira, 08 de maio de 2017.

O Alcalde

Pablo Diego Moreda Gil

2017/3849